

Información para o inicio do curso: calendario de presentacións e asignación de horarios **ACTUALIZADO**

Curso 2024/25

- **ACOLLEMENTO E PRESENTACIÓN DO CURSO PARA O ALUMNADO NOVO NO CENTRO**

Terá lugar o mércores 11/9/24 ás 16:30 no auditorio do centro. O alumnado menor de idade deberá asistir acompañado.

Neste acto darase información básica sobre o calendario escolar, horarios e actividades complementarias que se desenvolverán durante o curso, así coma sobre as normas e funcionamento xeral do centro, e tamén sobre o procedemento para asignación de horario e profesor/a nas diferentes materias, a máis de resolver as dúbidas que poidan xurdir ao respecto.

- **ASIGNACIÓN DE HORARIO DAS MATERIAS GRUPAIS**

Os horarios e grupos das materias de Linguaxe Musical, Educación Auditiva e Vocal, Orquestra-Banda, Conxunto (salvo na especialidade de Piano), Idiomas Aplicados ao Canto, Novas Tecnoloxías, Harmonía, Historia da Música, Análise e materias optativas e itinerarios de 6ºGP xa foron asignados no mes de xullo, pódese consultar dita asignación en centrosnet¹.

Para as materias de Música de Cámara, Repentización e Acompañamento (Piano e Guitarra) e Conxunto (Piano) a asignación de horario farase de maneira presencial² nas datas e horario que se indica de seguido:

- MÚSICA DE CÁMARA³: mércores 11/9/24 ás 18:30 no auditorio do centro.
- REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO³ para Piano: mércores 11/9/24 ás 20:30 na biblioteca do centro.
- REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO³ para Guitarra: mércores 11/9/24 ás 20:30 na aula de orquestra.
- CONXUNTO para Piano: xoves 12/9/24 ás 16:30 no auditorio do centro.

1 A información xeral sobre o procedemento de asignación de horarios e grupos para o curso 2024-25 pódese consultar no documento [Información sobre a asignación horarios](#) dispoñible na web do centro.

2 A non asistencia do alumno ou alumna, ou do seu representante (paí, nai ou persoa habilitada para tal fin), no momento do chamamento para a asignación do horario levará consigo a perda de todo dereito de preferencia e/ou elección no mesmo.

3 Os grupos publicaranse no taboleiro do centro no día anterior ao acto de asignación de horario ou, no caso en que non sexa posible, ese o mesmo día antes do comezo do acto.

• ASIGNACIÓN DE HORARIO DA MATERIA DE INSTRUMENTO

A asignación de horario farase de maneira presencial⁴. O chamamento para a elección de horario farase de menor a maior idade⁵. O profesor/a asignado poderase consultar en centrosnet o día anterior ao do acto de asignación de horario. Tamén se publicará a dispoñibilidade horaria de cada profesor/a na web e no taboleiro do centro o día anterior ao acto de asignación de horario.

Datas e horarios dos actos de asignación de horario da materia de instrumento:

- PERCUSIÓN: xoves 12/9/24 ás 16:30 na aula de orquestra.
- TROMPETA: xoves 12/9/24 ás 16:30 na biblioteca do centro.
- TROMPA: xoves 12/9/24 ás 16:30 na aula 26.
- TROMBÓN: xoves 12/9/24 ás 16:30 na aula Cámara 1.
- CONTRABAIXO: xoves 12/9/24 ás 16:30 na aula Cámara 2.
- ACORDEÓN: xoves 12/9/24 ás 16:30 na aula 3.

- PIANO: xoves 12/9/24 ás 19:00 no auditorio do centro.
- GUITARRA: xoves 12/9/24 ás 19:00 na aula de orquestra.
- CANTO: xoves 12/9/24 ás 19:00 na aula Cámara 1.
- TUBA: xoves 12/9/24 ás 19:00 na aula Cámara 2.
- FRAUTA: xoves 12/9/24 ás 19:00 na biblioteca do centro.
- VIOLÍN: xoves 12/9/24 ás 19:00 na aula 26.

- VIOLONCHELO: venres 13/9/24 ás 16:30 na biblioteca.
- VIOLA: venres 13/9/24 ás 16:30 na aula 26.
- SAXOFÓN: venres 13/9/24 ás 16:30 na aula Cámara 1.
- FAGOT: venres 13/9/24 ás 16:30 na aula Cámara 2.
- ÓBOE: venres 13/9/24 ás 16:30 na aula Cámara 3.
- CLARINETE: venres 13/9/24 ás 16:30 no auditorio do centro.

4 A non asistencia do alumno ou alumna, ou do seu representante (pai, nai ou persoa habilitada para tal fin), no momento do chamamento para a asignación do horario levará consigo a perda de todo dereito de preferencia e/ou elección no mesmo.

5 A información xeral sobre o procedemento de asignación de horarios e grupos para o curso 2024-25 pódese consultar no documento [Información sobre a asignación horarios](#) dispoñible na web do centro.

- **ASIGNACIÓN DE HORARIO DA MATERIA DE PIANO COMPLEMENTARIO**

A asignación de horario terá carácter presencial⁶, farase de maior a menor curso e, dentro de cada curso, de menor a maior idade.

A asignación de horario e profesor/a terá lugar o martes 17/9/24 no auditorio do centro nos seguintes horarios:

- Alumnado de calquera curso que queira clase en horario de mañá (antes das 16 horas) ás 16:00.
- Alumnado de 6º G. P. ás 17:00.
- Alumnado de 5º G. P. ás 17:30.
- Alumnado de 4º G. P. ás 18:00.
- Alumnado de 3º G. P. ás 18:30.

- **SOLICITUDE DE CAMBIO DE GRUPO E/OU HORARIO**

En setembro ábrese un 2º prazo para solicitar cambio no grupo e/ou horario inicialmente adxudicado para calquera materia. Ditas solicitudes poderanse entregar na secretaría do centro do 11/9/24 ata o 18/9/24. A resolución das mesmas comunicárase a cada un dos solicitantes a partir do 19/9/24.

- **INICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA ORDINARIA**

As clases das diferentes materias comezarán no seu horario habitual o luns 16/9/24, salvo no caso da materia de Piano Complementario que comezarán o mércores 18/9/24.

⁶ A non asistencia do alumno ou alumna, ou do seu representante (pai, nai ou persoa habilitada para tal fin), no momento do chamamento para a asignación do horario levará consigo a perda de todo dereito de preferencia e/ou elección no mesmo.